

Esser, Ursula (1990): *Die Entwicklung des Galizischen zur modernen Kultursprache: Eine Fallstudie zur aktuellen Sprachplanung*. Bonn: Romanistischer Verlag. 193 pp.

Nos últimos anos estase acrecentando notablemente o interese polo estudio da situación sociolingüística de Galicia nas universidades estranxeiras, de maneira moi especial en Alemaña. Hai uns meses publicouse o traballo de doutoramento que Ursula Esser leu na Universidade Técnica de Aachen (Aquisgrán) en 1989, unha das varias teses sobre sociolingüística galega presentadas recentemente nese país. Esta hispanista xa estudiara a situación da lingua galega no seu traballo de licenciatura, presentado en 1985 na mesma universidade, co título *Ausbausprache Galicisch*, e do que se publicou un extracto traducido ó galego en *Grial* 93 (1986). Este libro é o resultado de continua-las pesquisas iniciadas daquela.

O traballo estrutúrase en catro partes: unha introducción metodolóxica, unha aproximación ó rexurdimento galego, e logo un estudio da liña seguida polo galego desde os anos 40 ata os días de hoxe; finalmente faise unha valoración do proceso de emancipación lingüística do galego, dos seus logros e limitacións. Fóra de paxinación engádese unha folla cun resume en español das conclusións máis salientables.

Na introducción a autora encadra a recuperación da lingua galega no contexto dos movementos de reivindicación das linguas minoritarias europeas. Seguindo a Heinz Kloss, a lingua galega é entendida como *Ausbausprache* ("lingua por elaboración"), fronte a algunhas outras linguas minoritarias, que son *Abstandsprache*, ou linguas por distancia. Iso leva a Ursula Esser a xustifica-la importancia do seu estudio, xa que considera de maior relevancia a investigación dos éxitos conseguidos na elaboración do galego como lingua moderna de cultura cá presentación dos aspectos sintácticos, léxicos ou morfolóxicos que o diferencian do portugués e do castelán (p. 3). Así e todo, como nos recorda a autora, a desaparición ou o renacemento dunha antiga lingua de cultura non depende tanto do seu estado de elaboración no momento da decadencia coma sobre todo de diferentes factores políticos e económicos (p. 2). Consecuentemente, encontraremos ó longo do libro informacións sobre os trazos principais do rexurdir da vida política e cultural da sociedade galega, que fixeron posible o proceso de recuperación lingüística.

Tras dividi-lo proceso histórico do desenvolvemento da lingua galega como lingua de cultura desde o século XIX ós nosos días en dúas etapas separadas pola Guerra Civil española, a autora formula a pregunta central do seu libro: "Wie weit also ist in Galizien der Prozeß der Standardisierung vorangeschritten und wie hat er begonnen?" [¿Ata onde chegou en Galicia o proceso de estandarización e como se iniciou?] (p. 29). O resto do libro é unha tentativa de responder a esta pregunta.

Na primeira parte ("Das galicische Rexurdimento"), que abrangue desde os precursores ata a guerra civil, Esser analiza a constitución do galego moderno como lingua literaria e como lingua de ensaios en prosa sobre determinados ámbitos da cultura (historia, literatura), así como a produción de gramáticas e dicionarios. Cando esta fase se interrompe coa Guerra Civil e a dictadura conseguinte, non se lograra establecer aínda ningunha base sólida para o desenvolvemento da normalización lingüística (p. 101).

A continuación estudia o período que vai desde 1940 ós nosos días, baixo o título "Phasen der Sprachplanung": a primeira fase abrangue o período comprendido entre 1940 e os anos 70, cun novo rexurdimento marcado polo culturalismo; a segunda etapa ten lugar nos anos 80, nos que sinala dous feitos fundamentais que farán posible o progreso do proceso de normalización: "die Verabschiedung der Autonomiestatuten (1981) und die Edition der verbindlichen Sprachnorm (1982)" [A aprobación do Estatuto de Autonomía e a edición dunha normativa lingüística obrigatoria] (p. 168).

Para o estudo destas fases, a autora saca á luz os problemas que presenta a normalización en Galicia desde a dobre perspectiva da planificación do corpus lingüístico e a planificación do status da lingua na sociedade. Así, na primeira etapa segue con atención, en primeiro termo, a discusión sobre a necesidade ou non de normas lingüísticas, e en segundo lugar, a polémica normativa iniciada en 1973 entre partidarios da reintegración do galego no portugués e os defensores da independencia lingüística do galego. Esta polémica, que a autora segue principalmente a través do publicado en *Grial*, *Teima* e *La Voz de Galicia*, iríase apagando a partir da publicación das *Normas ortográficas e morfolóxicas* do ILG / RAG (1982), que van facer posible o desenvolvemento ulterior da planificación lingüística (p. 136).

Na parte dedicada á década dos anos 80, faise unha breve exposición do comportamento diglósico da sociedade galega, para logo repasa-la actividade das institucións e agrupacións que participan no proceso de normalización, nomeadamente da Real Academia Galega, que para a autora non presenta unha imaxe moi positiva, da Xunta de Galicia e do Instituto da Lingua Galega, que segundo Esser desempeña un papel central no proceso de normalización e "kann [...] als *das* Forschungszentrum der galizischen Sprache gesehen werden" [pode ser considerado o centro de investigación da lingua galega] (p. 147).

Ó comezo dos anos 80 dáse en Galicia o primeiro paso serio, e o máis importante, da planificación lingüística, coa elaboración dun estándar lingüístico de validez xeral e recoñecido oficialmente. Agora a implantación dese estándar na sociedade ata a consecución dunha rehabilitación completa da lingua xa é tarefa da planificación do status.

Pero aí é onde Esser bota de falta unha auténtica planificación lingüística, por causa do escaso interese dos poderes públicos (Xunta de Galicia) por emprender con decisión a normalización social da lingua. Esta carencia é a responsable de que non exista unha produción importante de obras científicas en galego (ausencia dun plan de normalización na Universidade), de que non existan traducións ó galego de obras

científicas fundamentais, de que servicios oficiais de publicacións (Universidade, Xunta) editen maioritariamente en español, ou da escasa presenza do galego nos medios privados de comunicación.

En consecuencia, "erweist sich die sprachplanerische Arbeit in Galizien als weniger effektiv als sie von ihren vordergründigen Bedingungen her sein könnte" [o traballo de planificación lingüística en Galicia resulta menos efectivo do que podía chegar a ser polas súas condicións aparentes] (p. 168), unha conclusión á que tamén chegaron outros observadores da realidade lingüística de Galicia (Cfr. M. Siguán (1989): "Languages and dialects in the educational system of Spain", *Sociolinguistica* 3, pp. 128-142).

O obxectivo inmediato ó que debe dirixirse agora a planificación do status da lingua é a eliminación da diglosia, liberando a lingua da estigmatización social que padece, ó que pode contribuí-la existencia dunha norma supradialectal e unha cultura escrita desenvolvida. Da implantación do estándar na sociedade son responsables as institucións e os medios de comunicación (p. 169).

Ursula Esser remata o seu estudio cunha valoración do proceso de emancipación do galego, comparando os logros da segunda fase coas escasas realizacións do Rexurdimento iniciado no S. XIX. Aínda así, o galego non chega a cumprir tódalas condicións propostas por H. Kloss para ser considerado plenamente unha lingua de cultura, por mor dos escasos exemplos de prosa científica escritos en galego, pola inexistencia de xornais monolingües e pola carencia de obras orixinais de investigación sobre todo tipo de disciplinas escritas en lingua galega.

Con todo, Ursula Esser conclúe que "das Galizische heute den Dialektcharakter, den es nach drei Jahrhunderten fehlender Schriftkultur aufwies, weit hinter sich gelassen hat" [hoxe o galego superou o carácter dialectal que mostraba despois de tres séculos sen cultivo escrito] (p. 178), e gracias á elaboración lingüística que se está a realizar, estase achegando á categoría de lingua de cultura.

De todo o dito ben se deduce que estamos ante un libro que toca as cuestións centrais da problemática lingüística de Galicia, con obxectividade e con rigor metodolóxico. Se para o lector alemán representa unha fonte rica en informacións sobre a situación da nosa lingua, ó lector galego preocupado pola súa lingua pódelle parecer un reexame de cuestións coñecidas. Esta sensación é máis notable na parte dedicada ó Rexurdimento e ó primeiro tercio do S. XX, na que a autora, se cadra por un exceso de prudencia, adoita limitarse a reproducir as opinións ou os xuízos dalgúns estudiosos da cultura galega (Carballo Calero, Fernández del Riego, Basilio Losada, Mauro Fernández) sen arriscarse a achegar unha visión propia dos feitos que está a analizar, co que o traballo resulta empobrecido. Isto é a causa de que, sen dúbida, esta sexa a parte máis frouxa do libro. Así a todo, esta revisión serve para poñer en evidencia os acertos e as lagoas, os avances e os atrasos, do tortuoso proceso de normalización da nosa lingua.

A parte que para nosoutros resulta máis orixinal e máis interesante é a avaliación do proceso de emancipación lingüística do galego nas súas distintas fases, posto que desde dentro da nosa sociedade non é doado emitir un xuízo obxectivo e

desapaixonado sobre unha cuestión que nos afecta a todos e a cada un dos galegos. É sabido que, en ocasións coma esta, a distancia respecto do obxecto de estudio permite apreciar mellor os grandes trazos, aínda á conta de perder detalles de menor importancia.

E é precisamente nalgunhas cuestións de detalle onde se escapan os erros máis notorios do libro; por exemplo, non coñecemos unha "Dirección Xeral do Ensino da Lingua Galega" citada pola autora (p. 155), é inexacto que a normativa seguida polos "lusistas" siga a se-la *Gramática elemental del gallego común* de Carballo Calero do ano 1966 (p. 136), nin tampouco é certo que o galego sexa materia obrigatoria para tódolos alumnos de Filoloxía Románica (p. 160). A autora debe tomar nota igualmente de que a Real Academia Galega non participou na elaboración das *Bases para a unificación das normas lingüísticas do galego* (p. 134, 148), e tamén de que, que eu saiba, a *Gramática galega* de Alvarez Blanco, Monteagudo Romero e Regueira Fernández non goza de ningún recoñecemento oficial do goberno galego como gramática oficial da lingua do país (p. 148).

Da mesma maneira, unha investigadora que coñece tan ben a situación da lingua galega debería poñer máis coidado na transcripción de títulos ou frases en galego (Véxase, p.e., un "Fiesta da lingua galega", p. 89, ou un inexplicable "La generación Nós", en castelán, p. 86). A autora debería saber tamén que a forma oficial dos topónimos é a galega, polo que non é admisible a utilización da toponimia castelanizada como "La Coruña", "El Ferrol", "Orense", "La Estrada", "Villagarcía", "Villalba" (p. 81).

De tódalas maneiras estamos diante dunha contribución valiosa ó coñecemento da evolución da lingua galega no seu camiño para chegar a ser unha lingua de cultura, poñendo á vista as bases sólidas nas que se asenta o proceso de normalización e tamén os principais atrancos que debe vencer para poder avanzar cara á súa consolidación plena.

X. L. REGUEIRA

Santiago Petschen Verdaguer, *Las minorías lingüísticas de Europa occidental: Documentos (1492-1989)*, Parlamento vasco, Colección Informes y Documentos, Vitoria-Gasteiz, 1990. 2 vols., 864 pp.

Cando nas comunidades autónomas do Estado español con lingua propia xa se leva uns anos de lexislación en materia de normalización lingüística e cando simultaneamente hai un espertar da "consciencia" rexionalista e unha prestación de atención ás culturas e linguas minoritarias na Europa dos pobos, o Parlamento vasco tivo a feliz idea de publicar toda unha recopilación referente á situación e á (des)legalización históricas das linguas e dos dialectos europeos, que nos ofrece as diversas tendencias a prol ou en contra da súa utilización desde o Renacemento ata,